

Criterios da Selección Galega para o Campionato de España de Tríatlon por CCAA

Logroño, 25 e 26 de xuño de 2022.

Os criterios que a continuación se detallan serán os que determinen a composición dos equipos Galegos que participarán no Campionato de España de CCAA 2022 absoluto, escolar e inclusivo que se celebrará en Logroño

Selección Galega Absoluta

Categorías:

Absoluta (2005 e anteriores)

Distancias:

Probas individuais, Sprint.

*Remuda Mixta, Supersprint

Participación:

A selección galega está formada por 6 deportistas de cada xénero M/F

Convocatoria: 6 deportistas + 3 suplentes por cada xénero M/F

Criterios:

1º- 3 Prazas para os/as tres primeiros/as clasificados/as do Campionato Galego de Tríatlon Sprint 2021.

2º- 1 Praza para o campión/campioa galego/a júnior 2021 que cambie de categoría no 2022 (Júnior > Absoluto).

3º- Prazas restantes a criterio técnico da Dirección Deportiva. (Resultados en Campionatos internacionais, Campionatos de España e probas galegas disputadas ata a data).

4º- 3 Prazas suplentes a criterio da Dirección Deportiva. (Resultados en Campionatos internacionais, Campionatos de España e probas Galegas disputadas ata a data).

5º- A renuncia dos/as deportistas dos puntos 1º ou 2º , pasarán ao punto 3

* A composición do equipo de remuda sairá da convocatoria individual.

Selección Galega Escolar

Categorías:

Cadete e Infantil

Distancias:

Probas individuais, Súpersprint.

*Remuda Mixta, Súper sprint

Remuda inclusivo, Súper sprint

Participación:

6 deportistas por sexo (4 Cadetes+2 infantís) e 1 paratríatlon

Convocatoria:

Titulares .-6 deportistas (4 cadetes+2 infantís)+ +1 Paratríatlon

Suplentes.-3 suplentes (2 cadetes+1 infantil)

Criterios para Categoría Cadete:

1º- 2 Prazas para os/as dos/dúas primeiros/as clasificados/as do campionato galego cadete de triatlón súper sprint 2021 e que non cambien de categoría.

2º- 2 Prazas restantes a criterio da dirección técnica. (Resultados da toma de tempos, Campionatos de España e probas Galegas disputadas ata a data).

3º- 2 Prazas suplentes a criterio da dirección técnica. (Resultados da toma de tempos, Campionatos de España e probas Galegas disputadas ata a data, e se fose preciso organizárase unha proba de selección).

4º- A renuncia dalgún deportista seleccionado polo punto 1º, a/as prazas pasarán o punto 2.

Criterios Categoría Infantil:

1º- 2 Prazas para os/as dos/dúas primeiros/as clasificados/as da proba de selección disputada en Porto do Son

2º- Praza suplente a criterio da dirección técnica. (Resultados de eventos desenvolvidos en Galicia ata a data)

Criterios Categoría Paratríatlon

1º- 1 Praza a criterio da dirección técnica. (Resultados en eventos desenvolvidos en Galicia ata a data, e se fose preciso organizárase unha proba de selección).

2º- 1 Praza suplente a criterio da dirección técnica. (Resultados en eventos desenvolvidos en Galicia ata a data,).

* A composición dos equipos de remudas sairá da convocatoria individual.